

## Acordo da Comunidade de Propietarios para a construción dunha IRC por parte dun Instalador

A Comunidade de Propietarios do edificio sito na rúa \_\_\_\_\_, reúnese o día \_\_\_\_\_ previa convocatoria efectuada polo seu Presidente con amaño á Lei.

A Xunta queda validamente constituída ao estar presentes ou representados a maioría dos propietarios, que representan a maioría das cotas de participación.

O Sr. Presidente expón os puntos da Orde do día a tratar que son:

- 1º Acordo para dotar ao edificio dunha instalación receptora común de gas natural.
- 2º Ceder a construción e a propiedade da instalación receptora común de gas natural a un terceiro.
- 3º Rogos e preguntas.

O Sr. Presidente abre a sesión e expón aos señores propietarios que se chegou a un acordo coa empresa \_\_\_\_\_ (en adiante, a «empresa instaladora») para a construción dunha instalación receptora común de gas natural, co fin de evitar que os custos derivados da construción sexan asumidos pola comunidade.

A Empresa Instaladora realizará pola súa conta e correndo cos gastos a mencionada instalación, de maneira que será a propietaria da mesma, se ben unha vez construída, poderá ceder a Gas Natural Redes GLP, S.A (en adiante A Distribuidora) que estará facultada para cobrar un canon en concepto de uso da mesma aos propietarios que se conecten a ela consonte o establecido no RD 942/2005 do 29 de xullo.

A propiedade da instalación receptora común seralle revertida á comunidade no prazo máximo de 20 anos, quedando obrigada a comunidade a partir da dese momento a asumir o mantemento e a inspección periódica da instalación.

Transcorrido o prazo de 20 anos, producirase a reversión da propiedade de xeito automático e gratuíto, se non se producise antes.

De revertirse a instalación antes do mencionado prazo de 20 anos, a comunidade deberá aboarlle á compañía distribuidora o importe que resulte de aplicar a seguinte fórmula:

Prezo:  $C \times V \times (20-A) \times 0,67$ ; sendo

- C: Número de Usuarios conectados á IRC no momento de realizar a compra da IRC, sen que a devandita cifra poida ser inferior ao 40 % das chaves construídas.
- V: Valor en euros da cota anual individual que realiza como contraprestación polo uso da instalación, regulada no apartado terceiro, na contía vixente no momento de realizar a compra por parte da Comunidade.
- A: anos transcorridos, cun decimal, dende a data de posta en servizo da IRC e como valor máximo 20.

Autorízase a GN Redes GLP a ceder o contrato a unha distribuidora de gas natural no momento que así o decida GN Redes GLP.

Unha vez debatidos os puntos da Orde do día, a **comunidade adopta, por maioría dos asistentes<sup>1</sup>, os seguintes acordos:**

**Primeiro:** Dotar ao edificio dunha instalación receptora común.

**Segundo:** Autorizar á empresa instaladora para que constrúa unha instalación receptora común de gas natural á súa custa, aínda que poderá cederlla á Distribuidora.

A DISTRIBUIDORA quedará facultada para xestionar os correspondentes contratos cos usuarios que se conecten nos termos establecidos no Real Decreto 942/2005 ou normativa que o substitúa.

**Terceiro:** Facultar ao Presidente da Comunidade de Propietarios, D. \_\_\_\_\_ para que no seu nome e representación subscriba coa Empresa Instaladora o preceptivo acordo para a construción da instalación receptora común.

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

O Presidente da Comunidade

O Secretario

<sup>1</sup> A maioría esixible segundo a LPH art. 13.2º, é un terzo dos integrantes da comunidade que representen á súa vez un terzo das cotas de participación.